

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

# **ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

## **6º CURSO**

**Curso 2020 – 2021**

## ÍNDICE

<b>1. CONTEXTO</b> .....	<b>PÁX. 3</b>
<b>1.1. O CENTRO</b> .....	<b>PÁX. 3</b>
<b>1.2. ALUMNADO</b> .....	<b>PÁX. 4</b>
<b>1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE 3º CURSO</b> .....	<b>PÁX. 4</b>
<b>2. O BXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA</b> .....	<b>PÁX. 6</b>
<b>3. COMPETENCIAS CLAVE A ACADAR NA EDUCACIÓN PRIMARIA</b> .....	<b>PÁX. 7</b>
<b>4.1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE ED. FÍSICA NA PRIMARIA</b> .....	<b>PÁX. 8</b>
<b>4.2 BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE ED. FÍSICA NA PRIMARIA</b> .....	<b>PÁX. 9</b>
<b>4.3 CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE ED. FÍSICA PARA ACADAR AS COMPETENCIAS E A SÚA RELACIÓN CON DITAS COMPETENCIAS</b> .....	<b>PÁX. 10</b>
<b>5. O CURRÍCULO: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES</b> .....	<b>PÁX. 13</b>
<b>5.1 OS CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN</b> .....	<b>PÁX. 18</b>
<b>6. METODOLOXÍA</b> .....	<b>PÁX. 22</b>
<b>7. A AVALIACIÓN</b> .....	<b>PÁXS. 25 a 40</b>
<b>8. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> .....	<b>PÁX. 45</b>
<b>9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b> .....	<b>PÁX. 49</b>
<b>10. MARCO LEXISLATIVO DA PROGRAMACIÓN</b> .....	<b>PÁX. 50</b>

# 1.- CONTEXTO

## 1.1 . Centro

### SITUACIÓN

O C.E.I.P. Humberto Juanes atópase no centro da Vila de Nigrán, no lugar de Vilameán, concretamente na Rúa Curros Enríquez, Nº 2.

### CENTRO ADSCRITO: IES VAL MIÑOR

### ENSINANZAS QUE OFERTA

O noso colexio é un Centro de Educación Infantil e Primaria con alumando de 3 A 12 anos de idade. A matrícula aproximada é de 418 alumnos.

### CARACTERÍSTICAS SINGULARES

O centro está situado nun entorno urbano e a maioría das familias teñen un nivel formativo básico e medio.

O Claustro do profesorado está formado por 32 mestres, no que a gran maioría teñen o seu destino definitivo neste centro.

A Comunidade educativa considera que educar para a convivencia responde á necesidade de formar cidadáns que se responsabilizan dos seus actos, respectándose a si mesmo e ás demais persoas. E os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos e cando xorden problemas na convivencia escolar, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da educación de xeito activo e, en caso de conflitos, todos deben ser parte da solución.

O centro oferta unha gran cantidade de actividades extraescolares variadas en horario de 16:00 a 17:30.

No presente curso esta oferta inclúe: Deportes de raqueta, “Xogando co inglés”, Música infantil, música de primaria (violín), multideporte, Intelixencia emocional (infantil e primaria), surf e ximnasia acrobática.

## **1.2 . Alumnado**

### **POBOACIÓN INMIGRANTE**

No inicio do presente curso non temos alumnado de orixe estranxeira no 6º curso de primaria.

### **ALUMNADO CON NEAE NO PRESENTE CURSO**

Hai 5 alumnos con NEAE, ningún deles con ACI.

## **1.3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO**

### **ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DO SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

---

Esta etapa caracterízase polo abandono progresivo da infancia, aínda que, na meirande parte dos casos, aínda non se atopan (os nenos e nenas) na adolescencia. Consérvanse, ás veces, comportamentos moi infantís, pero noutras maniféstase xa coma un adolescente. Abúrrrese, compadécese a si mesmo e identifícase con facilidade con figuras do espectáculo ou do deporte.

Ten xa unha notable autonomía e, nembargantes, a opinión do grupo impórtalle moito. Ten, aínda, máis interese polas cousas e polas persoas que por el mesmo: Isto, xunto co seu interese polo xogo, ratifica que aínda é un neno, moito máis maduro, pero un neno.

Cara ós once anos adopta formas máis orixinais na maneira de pensar e non somentes acumula datos, senón que é capaz de formular hipóteses explicativas das cousas.

No remate da etapa hai certa aceleración no crecemento da memoria inmediata e a capacidade de fixar, co cal pode afronta-lo estudo de textos máis longos.

O dominio da atención vaine adquirindo paseniñamente, gracias ós medios indirectos de reclama-lo interese, coma son os desexos de obter boas cualificacións e se-los primeiros en algo. Máis adiante, se manexan axeitadamente os estímulos, aparecerá o hábito de atender.

A imaxinación sofre, neste período, unha detención no seu desenrolo i está dominada polo afán que ten de pasar todo o coñecemento pola comprobación.

É habitual, nesta etapa, que se pregunte se o que escoita é un feito histórico ou unha ficción. Nembargantes ten grande interese polo lonxano, o extraordinario e o utópico.

O seu desenvolvemento motor continúa mellorando na rapidez de execución de movementos e nas coordinacións, tanto globais coma óculomotrices (ollo-man e ollo-pé).

Ó incrementarse a eficacia no pensamento mellora tamén a fluidez e sentido nos movementos.

O grupo tende a ser homoxéneo e segregarse en función do sexo. É a etapa de máxima ruptura entre sexos e cada un deles expón os motivos de dita ruptura.

Experimenta un importante aumento na súa capacidade motriz. É un momento ideal para perfecciona-las coordinacións esixidas nos xogos e nos predeportes.

En ningunha época da vida ten o individuo vinculación tan forte ó grupo coma nesta época. O resgo máis notable é a socialización.

É, polo dito ata agora, a etapa máis idónea para a práctica e participación en xogos grupais de equipo e os predeportes.

- **2.- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a)** Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b)** Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c)** Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d)** Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e)** Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f)** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g)** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h)** Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i)** Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j)** Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k)** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l)** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m)** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n)** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

0) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **3.- COMPETENCIAS CLAVE A ACADAR NA EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Identifícanse sete competencias básicas:**

- 1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)**
- 2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA(CMCT)**
- 3. COMPETENCIA DIXITAL(CD)**
- 4. APRENDER A APRENDER(CAA)**
- 5. COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICAS(CSC)**
- 6. SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR(CSIEE)**
- 7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI(CCEC)**

## **4 CARACTERÍSTICAS DA ÁREA E BLOQUES DE CONTIDO DA EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA**

### **4.1 .Características da ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA EDUCACIÓN PRIMARIA**

A Educación Física na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento (de si mesmo, de si mesma e do contorno), de organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo), anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física), estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación), de relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes), agonística (esforzándose e superando dificultades), hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades), hedonista (como fonte de gozo), de compensación (fronte á vida sedentaria) e catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dáselle importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e mais que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.



Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

## **4.2 BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA**

### **BLOQUE 1:**

**CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA**

### **BLOQUE 2:**

**O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL.**

### **BLOQUE 3:**

**AS HABILIDADES MOTRICES**

### **BLOQUE 4:**

**ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS**

### **BLOQUE 5:**

## **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE.**

### **BLOQUE 6:**

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS.**

### **4.3**

## **CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN CON DITAS COMPETENCIAS**

### **Competencia en comunicación lingüística.**

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

### **Competencia matemática.**

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- \* Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- \* A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.
- \* A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)
- \* Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

## **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

Algunhas achegas a esta competencia son as seguintes:

- \* Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.
- \* Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...
- \* Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

## **Tratamento da información e competencia dixital.**

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- \* Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.
- \* Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización de a internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

## **Competencia social e cidadá.**

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- \* Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
- \* A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...
- \* Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

## **Competencia cultural e artística.**

A educación física achégase a esta competencia:

\* Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

### **Competencia para aprender a aprender.**

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino - aprendizaxe:

- \* Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.
- \* O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.
- \* Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

### **Autonomía e iniciativa persoal.**

A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

- \* Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.
- \* Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
- \* Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquietudes, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinariedade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia.

Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

## 5. O CURRÍCULO: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES E RELACIÓN DOS ESTÁNDARES COAS COMPETENCIAS CLAVE PARA O QUINTO NIVEL DE PRIMARIA

Currículo de Educación Física en 6º					
Nivel	Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares - [C.C]
<b>Bloque 1: Contidos comúns en Educación Física</b>					
6º	EF	a,c,d,k,m	EF-B1.1-Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas EF-B1.2-Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. EF-B1.3-Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. EF-B1.4-Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio	EF-B1.1-Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	6º-EFB1.1.1-Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. [CSC CAA CSIEE]  6º-EFB1.1.2-Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. [CCL CAA CSC]  6º-EFB1.1.3-Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. [CSC CAA CSIEE]  6º-EFB1.1.4-Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. [CSC CSIEE CAA]

6º	EF	i	<p>EF-B1.5-Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</p> <p>EF-B1.6-Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>EF-B1.2-Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<p>6º-EFB1.2.1-Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. [CD CAA]</p> <p>6º-EFB1.2.2-Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación. [CCL CD CAA]</p> <p>6º-EFB1.2.3-Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. [CCL CSC]</p>
6º	EF	a,k,l,n	<p>EF-B1.7-Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</p> <p>EF-B1.8-Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</p> <p>EF-B1.9-O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</p> <p>EF-B1.10-Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</p> <p>EF-B1.11-Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.</p>	<p>EF-B1.3-Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>6º-EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. [CSC CAA]</p> <p>6º-EFB1.3.2-Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. [CSIEE CAA CCEC]</p> <p>6º-EFB1.3.3-Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. [CSC CSIEE CAA]</p> <p>6º-EFB1.3.4-Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. [CSC]</p> <p>6º-EFB1.3.5-Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. [CSC CAA]</p> <p>6º-EFB1.3.6-Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. [CSC CAA]</p>
<b>Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción</b>					
6º	EF	b,k,m	<p>EF-B2.1-Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</p> <p>EF-B2.2-Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</p> <p>EF-B2.3-Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</p>	<p>EF-B2.1-Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	<p>6º-EFB2.1.1-Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. [CSC CAA]</p> <p>6º-EFB2.1.2-Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. [CSC CAA CSIEE]</p>
<b>Bloque 3: Habilidades motrices</b>					
6º	EF	b,j,k	<p>EF-B3.1-Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.</p> <p>EF-B3.2-Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións</p> <p>EF-B3.3-Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.</p> <p>EF-B3.4-Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.</p>	<p>EF-B3.1-Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>6º-EFB3.1.1-Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. [CSC CCEC CAA CSIEE]</p> <p>6º-EFB3.1.2-Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. [CSC CCEE CAA CSIEE]</p> <p>6º-EFB3.1.3-Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos</p>

			<p>EF-B3.5-Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.</p> <p>EF-B3.6-Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.</p> <p>EF-B3.7-Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.</p> <p>EF-B3.8-Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</p>	<p>dominantes e non dominantes. [CSC CCEE CAA CSIEE]</p> <p>6º-EFB3.1.4-Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. [CSC CCEE CAA CSIEE]</p> <p>6º-EFB3.1.5-Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. [CSC CAA CSIEE]</p> <p>6º-EFB3.1.6-Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades. [CSC CAA CSIEE]</p>
--	--	--	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

**Bloque 4: Actividades físicas artístico expresivas**

6º	EF	b,d,j,k,m,o	<p>EF-B4.1-O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.</p> <p>EF-B4.2-Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rosto, mirada e pescozo).</p> <p>EF-B4.3-Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.</p> <p>EF-B4.4-Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.</p> <p>EF-B4.5-Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.</p>	<p>EF-B4.1-Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</p>	<p>6º-EFB4.1.1-Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. [CCEC CSC CAA]</p> <p>6º-EFB4.1.2-Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. [CCEC CSC CAA]</p> <p>6º-EFB4.1.3-Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida. [CCEC CAA CSC CSIEE]</p> <p>6º-EFB4.1.4-Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais. [CCEC CAA CSC]</p>
6º	EF	b,d,j,k	<p>EF-B4.6-Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.</p> <p>EF-B4.7-Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</p>	<p>EF-B4.2-Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.</p>	<p>6º-EFB4.2.1-Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. [CMCT CSC CAA]</p> <p>6º-EFB4.2.2-Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. [CMCT CAA CSC]</p>

**Bloque 5: Actividade física e saúde**

6º	EF	a,b,k	EF-B5.1-Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). EF-B5.2-Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. EF-B5.3-Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.	EF-B5.1-Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	6º-EFB5.1.1-Interésase por mellorar as capacidades físicas. [CSIEE CAA]  6º-EFB5.1.2-Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). [CSC CAA CMCT]  6º-EFB5.1.3-Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. [CSC CAA CMCT]  6º-EFB5.1.4-Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. [CSC CAA CSIEE CMCT]  6º-EFB5.1.5-Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. [CSC CAA CSIEE]
6º	EF	k	EF-B5.4-Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.	EF-B5.2-Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	6º-EFB5.2.1-Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. [CAA CSIEE CSC]  6º-EFB5.2.2-Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo. [CAA CMCT CSC]  6º-EFB5.2.3-Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. [CAA CSIEE CSC]  6º-EFB5.2.4-Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade [CAA CMCT CSC]
6º	EF	k	EF-B5.5-Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.	EF-B5.3-Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	6º-EFB5.3.1-Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios. [CCL CAA CSC CMCT]
<b>Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas</b>					
6º	EF	a,b,k,m	EF-B6.1-Usa adecuadamente as estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. EF-B6.2-Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo	EF-B6.1-Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	6º-EFB6.1.1-Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. [CSC CSIEE CAA]  6º-EFB6.1.2-Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. [CAA CSIEE CSC]
6º	EF	d,k,m,o	EF-B6.3-O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. EF-B6.4-Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.	EF-B6.2-Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	6º-EFB6.2.1-Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza. [CCL CCEE CAA CSC]  6º-EFB6.2.2-Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. [CCEC CAA CSC]  6º-EFB6.2.3-Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes



					tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. [CCEC CAA CSC]
6º	EF	a,b,k	<p>EF-B6.5-Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.</p> <p>EF-B6.6-Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.</p>	EF-B6.3-Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	<p>6º-EFB6.3.1-Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. [CMCT CSC CAA]</p> <p>6º-EFB6.3.2-Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. [CMCT CAA CSC]</p> <p>6º-EFB6.3.3-Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. [CMCT CAA CSC]</p> <p>6º-EFB6.3.4-Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. [CMCT CCL CSC CAA]</p>
6º	EF	k,l,n,o	<p>EF-B6.7-Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.</p> <p>EF-B6.8-Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.</p> <p>EF-B6.9-Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.</p>	EF-B6.4-Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	<p>6º-EFB6.4.1-Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural [CSC CAA]</p> <p>6º-EFB6.4.2-Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar. [CSC CAA]</p>

## 5.1 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	TEMPORALIZACIÓN		
	BLOQUE *	TIPO DE CONTIDO	Mes	- N° de sesiones	
ACROSPORT	B1.1	Habilidades motrices, pirámide, figura, portor, áxil.			
	B1.2				
	B1.3				
	B1.4				
	B1.6				
	B1.7				
	B1.8				
	B1.9				
	B2.2				
	B3.4				
	B3.6			outubro	5
	B3.7			novembro	6
	B3.8				
	B4.1				
	B4.2				
	B4.3				
	B4.5				
	B4.6				
	B5.1				
	B5.3				
B5.5					

<p><b>MELLORO A MIÑA CONDICIÓN FÍSICA:</b></p>	<p>B1.1. B1.2 B1.3. B1.6 B1.7 B1.8. B2.1. B2.2. B2.5 B3.4 B3.5. B3.6. B5.1 B5.3. B5.4 B5.5. B6.1</p>	<p>Resistencia, axilidade, velocidade elasticidade</p>	<p>outubro 1 novembro 1 decembro 1 xaneiro 1 febreiro 2 marzo 3 maio 3 xuño 2</p>
<p><b>MELLORO AS MIÑAS HABILIDADES:</b></p>	<p>B1.1. B1.3. B1.6 B1.7 B1.8. B2.1. B2.2. B2.6. B3.1 B3.3 B3.5. B3.6. B5.1 B5.2. B5.4 B5.5.</p>	<p>Desprazamentos, saltos, xiros, equilibrio, botes, coordinación, lanzamentos , recepcións, interceptacións</p>	<p>novembro 1 febreiro 1</p>
<p><b>DESCUBRO O MEU CORPO</b></p>	<p>B1.1. B1.7 B1.8.</p>	<p>Percepción espacial, percepción corporal, lateralidade, orientación, primeiros auxilios</p>	<p>decembro 1 xaneiro 1 xuño 1</p>

	<p>B2.1. B2.3 B2.4 B2.7. B2.5 B2.8. B2.9. B5.1 B5.2. B5.4</p>		
<p><b>OS XOGOS: DESCUBRO OS XOGOS E OS DEPORTES DE INDIVIDUAIS E DE EQUIPO</b></p>	<p>B1.2. B1.3. B1.6 B1.7 B1.8. B2.1. B2.2. B3.4 B3.5. B3.6. B5.1 B5.4 B5.5. B6.1 B6.2 B6.3 B6.4 B6.5.</p>	<p>xogos predeportivos de balonmán, fútbol e baloncesto. Bádminton. Floorball, tenis de mesa Xogos de orientación. Roubar a bandeira, Tag-Rugby</p>	<p>outubro 2 decembro 3 xaneiro 5 febreiro 5 marzo 6 abril 6 maio 5 xuño 3</p>
<p><b>OS XOGOS: DESCUBRO OS XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS</b></p>	<p>B1.2. B1.3. B1.4. B1.7 B1.8. B2.2 B3.5. B3.6.</p>	<p>Xogos tradicionais e populares.</p>	<p>decembro 1 maio 1</p>

	B5.1 B5.4 B5.5. B6.1 B6.2 B6.3  B6.4 B6.5. B6.6. B6.7. B6.8.		
--	-----------------------------------------------------------------------------------------------	--	--

## 6.1- METODOLOXÍA ( PRESENCIAL )

MODELO DE SESIÓN DE SANTOS BERROCAL		
Fase	Dura.	Contido
<b>Información e Animación</b>	11/12 min	Nesta fase búscase preparar ao alumno/a física, psíquica e socialmente para o desenvolvemento da sesión, ademais evitaremos posibles lesións
<b>Parte principal</b>	30 min	É a parte máis importante da sesión xa que é a fase de logro de obxectivos. Para conseguir estes obxectivos utilizaranse os contidos e as tarefas estarán relacionadas con estes obxectivos.
<b>Volta á calma</b>	5/7 min	Xogos que favorecen a recuperación tras o esforzo físico e psíquico da parte principal. Preténdese que o alumnado recupere o estado emocional de antes de empezar a sesión para afrontar a seguinte clase.
<b>Análise dos resultados</b>	2/3 min	Fase de reflexión co alumnado achega da sesión e tamén serve de auto valoración sobre a nosa actuación e a consecución de obxectivos.

### ESTILOS DE ENSINO:

Ao longo do curso empregaranse os seguintes estilos de ensino:

**Mando directo:** O mestre leva o control da sesión, debendo os alumnos responder aos estímulos que se lle expoñen. O seu esquema é:

**EXPLICACIÓN** → **DEMOSTRACIÓN** → **EXECUCIÓN** → **AVALIACIÓN**

Caracterízase pola disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, execución, e observa as accións do

alumnado. Baséase na imitación dun modelo. Procuraremos non empregar este estilo de ensino, aínda que en ocasións é necesario, cando necesitemos a imitación do modelo.

**Asignación de tarefas:** é un estilo moi similar ao anterior, pero neste caso, o mestre explica o que hai que facer e o alumno/a escolle o momento de comezar a tarefa, o ritmo, o número de repeticións. A vantaxe deste estilo de ensino é que respecta o principio de individualización xa que a tarefa axústase ás posibilidades de cada un, resultando un estilo moi motivador.

**Ensino recíproco:** o alumno/a pasa a ser mestre/a de maneira que informa, ensina e corrixe aos seus compañeiros/as.

O docente decide as tarefas e exercicios que se van realizar e só debe de corraxir aos observadores (o alumno/a que fai de docente).

**Descubrimento guiado:** propónse unha tarefa que o neno/a debe resolver, existindo unha única solución. O profesor/a guía a consecución de obxectivos e o alumno debe investigar baseándose nas súas indicacións encontrando así una solución que lle pertenza. Séguese o esquema:

**DISONANCIA COGNITIVA**     $\longrightarrow$  **INVESTIGACIÓN**     $\longrightarrow$  **DESCUBRIMENTO**     $\longrightarrow$  **AVALIACIÓN**

O mestre/a irá guiando paulatinamente o alumnado a través de preguntas que o dirixirán cara a solución correcta.

**Resolución de problemas:** moi similar ao estilo anterior, pero a diferenza fundamental é que non hai unha única solución, senón que existen varias e é válida calquera coa que o alumno/a dea resposta ao problema exposto. É un estilo moi motivador e facilita a adquisición de aprendizaxes significativas. Tamén utilizaremos preferentemente este estilo de ensino.

O **xogo** non está considerado propiamente un principio metodolóxico, pero si un recurso metodolóxico moi indicado para conseguir os obxectivos propostos dunha forma lúdica e pracenteira a calquera idade, e moito máis en Educación Primaria, polo que o utilizaremos o longo de todas ás unidades didácticas.

Mediante ou xogo, pódense adquirir hábitos, actitudes e valores de ecoloxismo (xogos na natureza), para a paz (xogos cooperativos), de coeducación (xogos non sexistas).

Resumindo, podemos dicir que para o neno/a a actividade lúdica é fundamental porque a través dela:

O neno/ descobre e fai seu o ámbito que o rodea.

O neno/a imita e imaxina

O neno/a relaciónase, acepta as regras e os demais.

O neno/a desenvolve habilidades e destrezas.

O neno/á coñécese a si mesmo e os demais.

O neno/a comunícase e incrementa o seu vocabulario.

O neno/a desenvolve o pensamento diverxente.

En resumo, ou xogo como actividade global axuda ó desenvolvemento de tódalas facetas e ámbitos da personalidade e conduta do individuo.

## **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS**

Os **principios básicos** que se terán en conta son os seguintes:

**Reforzo positivo:** a motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte do mestre/a.

**Progresión:** Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do fácil o difícil, sinxelo ao complexo.

**Intensidade:** Os estímulos serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados.

**Transferencia:** Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón de outros movementos aprendidos anteriormente.

**Intereses:** Os exercicios prateados aos/as alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades de estes, para lograr un aprendizaxe significativo.

**Individualización:** Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno/a. Cada un "é como é". Por iso á hora de avaliar se ten en conta a actitude e a aptitude.



## **6.2- METODOLOXÍA (NON PRESENCIAL)**

**Utilizaremos neste nivel as diferentes posibilidades que nos ofrece a plataforma EDIXGAL para o desenvolvemento dos contidos e tarefas do curso e a súa avaliación así como as posibilidades que nos da a plataforma “Webex” para a comunicación “on-Line” co alumnado.**

## **7.- AVALIACIÓN**

### **7.1 . AVALIACIÓN INICIAL**

**A avaliación inicial realizarase en 5 sesións despois da sesión inicial de presentación e lectura de normas da área.**

Datas e tipo de probas:

**Nas sesións seguintes , da 2ª ata a 5ª sesión no mes de setembro, farán probas de resistencia (2) , axilidade , velocidade e salto de lonxitude en detente.**

Mecanismo para informar ás familias:

**Nota de man.**

Consecuencias dos resultados das probas:

**A consecuencia inmediata atinxe ao nivel de esixencia sobre o traballo a realizar na mellora do rendemento físico ao longo do curso.**

**A avaliación inicial permitiranos axeitar a cada alumno ou alumna de xeito individualizado a mellora no rendemento físico que se espera de cadaquén.**

## 7.2 . AVALIACIÓN CONTÍNUA. Estándares e peso dos estándares , instrumentos e procedementos de avaliación e contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

### PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DOS ESTÁNDARES NON AVALIADOS CO 2019 – 2020 POLO CONFINAMENTO

#### Lenda

**Estándares en branco traballados e avaliados**

**Estándares en amarelo non traballados e obxecto de reforzo e avaliación no presente curso**

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO			
<b>CURSO</b>	Educación Física 2º a 6º Curso 2019 2020		
<b>NIVEL</b>	6º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Educación Física (EF)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
<b>Bloque 1: Contidos comúns en Educación Física</b>							
EF-B1.1	6º-EFB1.1.1 - Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal				X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as,	CSC CAA CSIEE

	dos modelos publicitarios. Peso: 0.35%					INSTRUMENTOS: Asamblea (8%),	
EF-B1.1	6º-EFB1.1.2 - Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. Peso: 1%	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CCL CAA CSC
EF-B1.1	6º-EFB1.1.3 - Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. Peso: 4%	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CSIEE
EF-B1.1	6º-EFB1.1.4 - Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. Peso: 2%	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CSIEE CAA
EF-B1.2	6º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. Peso: 0.35%	X				PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise, INSTRUMENTOS: Gravación e análise (8%),	CD CAA
EF-B1.2	6º-EFB1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de			X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas, INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (4%),	CCL CD CAA

	<p>presentación.</p> <p>Peso: 0.35%</p>						
EF-B1.2	<p>6º-EFB1.2.3 - Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</p> <p>Peso: 0.35%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),</p>	CCL CSC
EF-B1.3	<p>6º-EFB1.3.1 - Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p> <p>Peso: 8%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as,</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices (8%),</p>	CSC CAA
EF-B1.3	<p>6º-EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</p> <p>Peso: 2%</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),</p>	CSIEE CAA CCEC
EF-B1.3	<p>6º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p> <p>Peso: 8%</p>	Realiza a ducha ou aseo persoal e cambia a roupa despois de cada sesión	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),</p>	CSC CSIEE CAA
EF-B1.3	<p>6º-EFB1.3.4 - Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),</p>	CSC

	Peso: 0.35%						
EF-B1.3	6º-EFB1.3.5 - Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.  Peso: 4%	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA
EF-B1.3	6º-EFB1.3.6 - Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as, INSTRUMENTOS: Entrevista (2%),	CSC CAA
<b>Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción</b>							
EF-B2.1	6º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.  Peso: 4%	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA
EF-B2.1	6º-EFB2.1.2 - Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CSIEE
<b>Bloque 3: Habilidades motrices</b>							
EF-B3.1	6º-EFB3.1.1 - Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CCEC CAA CSIEE

	físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.  Peso: 2%						
EF-B3.1	6º-EFB3.1.2 - Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.  Peso: 2%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CCEE CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CCEE CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CCEE CAA CSIEE

	físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.  Peso: 4%						
EF-B3.1	6º-EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CSIEE
EF-B3.1	6º-EFB3.1.6 - Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CSIEE
<b>Bloque 4: Actividades físicas artístico expresivas</b>							
EF-B4.1	6º-EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.  Peso: 0.35%		X			PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise, INSTRUMENTOS: Gravación e análise (8%),	CCEC CSC CAA
EF-B4.1	6º-EFB4.1.2 - Representa ou expresa de forma		X			PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise,	CCEC CSC

	creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.  Peso: 4%					INSTRUMENTOS: Gravación e análise (8%),	CAA
EF-B4.1	6º-EFB4.1.3 - Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.  Peso: 0.35%		X			PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise,  INSTRUMENTOS: Gravación e análise (8%),	CCEC CAA CSC CSIEE
EF-B4.1	6º-EFB4.1.4 - Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.  Peso: 0.35%	<b>Realizar en 6º curso</b> , nunha exposición de máis de 2 minutos e menos de tres, unha coreografía que conteña polo menos 5 pirámides e 3 figuras utilizando bailes e desprazamentos con elementos de habilidade motriz como transición.	X			PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise,  INSTRUMENTOS: Gravación e análise (8%),	CCEC CAA CSC
EF-B4.2	6º-EFB4.2.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CMCT CSC CAA



	Peso: 0.35%						
EF-B4.2	6º-EFB4.2.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.  Peso: 2%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CMCT CAA CSC
<b>Bloque 5: Actividade física e saúde</b>							
EF-B5.1	6º-EFB5.1.1 - Interésase por mellorar as capacidades físicas.  Peso: 4%	Realiza a progresión dos 1700 metros do inicio do curso aos 2000 a final de curso en 12 minutos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSIEE CAA
EF-B5.1	6º-EFB5.1.2 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).  Peso: 4%		X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as, INSTRUMENTOS: Asamblea (8%),	CSC CAA CMCT
EF-B5.1	6º-EFB5.1.3 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.  Peso: 2%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CMCT

EF-B5.1	6º-EFB5.1.4 - Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CSIEE CMCT
EF-B5.1	6º-EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.  Peso: 2%	Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. É quen de realizar un quecemento específico <b>para a actividade de acrosport</b>	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA CSIEE
EF-B5.2	6º-EFB5.2.1 - Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.  Peso: 8%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CAA CSIEE CSC
EF-B5.2	6º-EFB5.2.2 - Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.  Peso: 0.35%		X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as, INSTRUMENTOS: Asamblea (8%),	CAA CMCT CSC
EF-B5.2	6º-EFB5.2.3 - Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.  Peso: 2%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CAA CSIEE CSC
EF-B5.2	6º-EFB5.2.4 - Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CAA CMCT CSC

	capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade  Peso: 0.35%						
EF-B5.3	6º-EFB5.3.1 - Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.  Peso: 5%	Coñece a manobra de Heimlich e o protocolo básico de R.C.P.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas,  INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (4%),	CCL CAA CSC CMCT
<b>Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas</b>							
EF-B6.1	6º-EFB6.1.1 – Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CSIEE CAA
EF-B6.1	6º-EFB6.1.2 – Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.  Peso: 8%		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as,  INSTRUMENTOS: Producións motrices (8%),	CAA CSIEE CSC
EF-B6.2	6º-EFB6.2.1 – Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as,  INSTRUMENTOS: Asamblea (8%),	CCL CCEE CAA CSC

	Peso: 0.35%						
EF-B6.2	6º-EFB6.2.2 – Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.  Peso: 0.35%			X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as,  INSTRUMENTOS: Asamblea (8%),	CCEC CAA CSC
EF-B6.2	6º-EFB6.2.3 – Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.  Peso: 4%	Coñece e practica o xogo dos birlos celtas Coñece e practica o xogo de “á unha salta a mula”.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CCEC CAA CSC
EF-B6.3	6º-EFB6.3.1 - Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CMCT CSC CAA
EF-B6.3	6º-EFB6.3.2 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CMCT CAA CSC
EF-B6.3	6º-EFB6.3.3 - Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática,  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CMCT CAA CSC

	Peso: 4%						
EF-B6.3	6º-EFB6.3.4 - Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.  Peso: 0.35%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CMCT CCL CSC CAA
EF-B6.4	6º-EFB6.4.1 - Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural  Peso: 1%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA
EF-B6.4	6º-EFB6.4.2 - Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.  Peso: 1%		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática, INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo (70%),	CSC CAA

**LEENDA COMPETENCIAS:**

CCL	Comunicación lingüística.	CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CAA	Competencia aprender a aprender.	CD	Competencia dixital.
CSC	Competencias sociais e cívicas.	CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

**(EXEMPLO DE LISTA DE COTEXO PARA UN DOS ESTÁNDARES)****LISTA DE COTEXO COIDADO DO MEDIO - AVALIACIÓN 3º TRIMESTRE 2A**

<b>Estándar</b>	2º-EFB6.3.2 -Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.
-----------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------

Alumnos/as		SI	NON	OBSERVACIÓNS
1				
2				
3				

**7.3 - AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE  
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO**

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				

8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## INDICADORES DE LOGRO

### DA PRÁCTICA DOCENTE

### INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				

10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				



### 7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Segundo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

○ **CRITERIO NUMÉRICO:**

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

○ **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

<u>CRITERIO</u>	Non promociona		Promociona	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promociona		Non promociona	

	4	3	2	1
4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

\*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

#### *Artigo 6. Promoción de curso e de etapa*

*1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.*

*2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unhasoas vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio*

*4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.*

*5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.*

## **2. PROPOSTA MENCIÓN HONORÍFICA :**

Otorgación de mención honorífica ao alumnado que teña de media en primaria 9.00 ou máis.

## 7.4 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A presente programación será revisada anualmente de dúas maneiras:

1ª) Observación diaria da súa adecuación aos intereses do alumnado e ao grao de adquisición dos contidos establecidos para a sesión con anotacións diarias das correccións pertinentes se houbera lugar a elas .

2ª) Corrección ( a finais de curso) dos diferentes aspectos observados atendendo a criterios de practicidade en canto á facilidade de adquisición de contidos, utilidade favorecendo, mediante o uso de actividades, un maior grao de adquisición e grao de aceptación das actividades polo alumnado de xeito que se favoreza a inclusión de aquelas máis valoradas polo seu carácter lúdico e participativo.

### AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Indicadores:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				

20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

## 8 .- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 8.1 MEDIDAS ORDINARIAS

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"><li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.<ul style="list-style-type: none"><li>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</li><li>b) Espazos diferenciados.</li><li>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li></ul></li><li>• Desdoblamento de grupos.</li><li>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</li><li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</li><li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li></ul>

• Programa específico para alumnado repetidor da materia.

• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

## 8.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"><li>• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</li><li>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</li><li>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Adaptacións curriculares na materia.</li><li>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li><li>• Alumnado con flexibilización na escolarización.</li><li>• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.</li></ul>

- |                                                                                                                                            |  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Otras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.</li></ul> |  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|



## 9- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Está prevista a realización de algunhas sesións **en horario lectivo**, como actividade complementaria, de **iniciación á loita e aos deportes de agarre** con monitores do “Club de Loita de Sabarís”. Estamos pendentes de confirmación respecto das datas. Tamén se contempla, en horario lectivo unha saída para practicar padel nas pistas e cos monitores de URECA en Baiona no mes de outubro e unha marcha ciclo turista a Baiona no mes de abril como parte da actividade do programa de intercambio da área de Lingua estranxeira (inglés) “From Manchester to Nigrán”. Tamén está previsto no 3º trimestre unha saída ao Ceán (Nigrán) para coñecer e practicar os “Bolos ou birlos celtas” con monitores da Asociación de bolos do Ceán

Respecto da realización de **actividades en horario extraescolar** presentamos abaixo o horario de actividades extraescolares previstas na PXA para o 2019 - 2020

LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
Deportes de raqueta	Multideporte	Predeporte	Iniciación al atletismo	Flic-Flac
Xogando co Inglés 3º-4º	Xogando co Inglés infantil	Xogando co inglés 5º-6º	Xogando co inglés 1º-2º	Intelixencia emocional (primaria)
Música infantil Música prim. (violín)	Surf	Circo e malabares	Inteligencia emocional (infantil)	
Surf		Surf	Comic e ilustración	
			Surf	

**\*(Onde pon “flic-flac” debe poñer ximnasia acrobática ou acrosport)**

## **10.- MARCO LEGISLATIVO**

**As referencias legislativas que se tiveron en conta para a elaboración desta programación son:**

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 105/2014 del 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia
- Orde de 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación na C.A. de Galicia.
- Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.
- Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros do 2º ciclo de Educación infantil, Educación Primaria e Secundaria.
- Orde do 25 de xuño do 2.020 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2.020/2.021.

Xosé Lois Blanco Otero

Nigrán

Curso 2020 - 2021